

# **CONVOCATORIA DO II CONCURSO DE RELATOS** **CURTOS HISTORIAS DE MULLERES**

## **BASES**

- 1.** Estabélcese para o citado concurso tres categorías: unha adolescente, dirixida a persoas de entre 12 e 16 anos de idade; outra xuvenil, para persoas de 16 a 30 anos de idade; e outra adulta, para persoas de máis de 30 anos (terase en conta a idade no último día do prazo de presentación).
- 2.** Os traballos realizaranse en galego, orixinais e inéditos, cunha extensión máxima de 1000 palabras (sen incluí-lo título) e cunha temática que trate sobre a violencia, en tódalas súas expresións, exercida sobre as mulleres; a igualdade entre mulleres e homes; as súas liberdades e diversidades sexuais; e todo aquilo relacionado coa temática.
- 3. Lugar de presentación:** os traballos serán enviados á Asociación Barbancesa de Axuda e Solidariedade (ABAS), ó seu enderezo electrónico [coordinador.abas.asoc@gmail.com](mailto:coordinador.abas.asoc@gmail.com) Nun documento, en formato PDF, enviarase o citado traballo, que virá asinado cun pseudónimo ou alcume (deste xeito garántese que o xurado descoñeza a autoría); noutro documento, en formato PDF ou Word, achegarase o nome do traballo, nome e apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo electrónico, enderezo postal e teléfono. **Recibirase a confirmación.**
- 4. Prazo de presentación:** o prazo de presentación **remata no día 10 de novembro do ano 2019.**
- 5.** O xurado estará formado por catro persoas con coñecementos na materia de xénero e na literatura. Será competente para resolver aquelas cuestións que non estean recollidas nas bases.
- 6.** Os premios serán os seguintes:
  - Categoría adulta: 1.º premio, un vale por valor de 150€ nos comercios da Pobra do Caramiñal e mais un lote de libros da **Fundación Barrié**
  - Categoría xuvenil: 1.º premio, un vale por valor de 150€ nos comercios da Pobra do Caramiñal e mais un lote de libros da **Fundación Barrié**
  - Categoría adolescente: 1.º premio, un vale de 80€ nos comercios da Pobra do Caramiñal e mais un lote de libros da **Fundación Barrié**; 2.º premio de 40€ nos comercios da Pobra do Caramiñal e mais un lote de libros da **Fundación Barrié**
- 7.** As persoas que presenten traballos a este concurso declaran ser responsábeis da autoría e orixinalidade destes.
- 8.** A ABAS e/ou o Concello da Pobra do Caramiñal reservan para si o dereito á publicación e difusión dos traballos.
- 9.** A presentación ó citado concurso supón a aceptación e conformidade coas citadas bases.